

Abracadabra Nº 35

VACACIÓNS CANINAS!!!

PASATEMPOS:
CHISTES, TRABALINGUAS, ADIVIÑAS...

GALERÍA DE FOTOS

LECTURAS REFRESCANTES

QUE HAI DE NOVO ...?



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

VACACIONES CANINAS

Antes de saír de vacacións co teu can debes preparar ben a viaxe. Debe estar vacinado e comprobar que o microchip como sistema de identificación obrigatorio funciona correctamente para localizalo se se perde durante as vacacións.

Lembra que debes desparasitalo para protexelo de parasitos internos e externos como pulgas, carrachas...

Non esquezas que o pelo é o manto protector natural da pel, e non debes rapar o teu can no verán, xa que deixarías a súa pel desprotexida fronte ao sol e sofre maior risco de queimaduras.

Agora, imos axudar a **facer a maleta**:



- Comedeiro, bebedoiro e a comida, a mesma que toma durante todo o ano.
- Xoguetes.
- Correa e colar de repostos por se se perden os seus ou rompen.
- Cepillo e peite porque a hixiene tamén hai que coidala durante as vacacións.
- Champú para cans, convén bañalo cada 15 días ou lavallo con auga doce despois dos baños no mar.
- Toallas hixiénicas e produtos para desinfectar en caso de ferida.
- Documentación: Cartilla de vacinación e de identificación.

Para a viaxe son moi prácticas as caixas transportín, sobre todo, para animais pequenos. Lembra que se viaxas en coche, igual que nós, o noso can necesita facer varias paradas para estirar as patas, beber e facer as súas necesidades.

Unha vez que chegamos ao noso destino, só nos queda pasalo de marabilla e para iso propoñemos 4 deportes que podes practicar co teu can este verán:

Running

Se es afeccionado a correr, o teu can pode ser o compañeiro ideal na práctica deste deporte.

Natación

Se estás preto do mar, algún río ou lago, tamén podes co teu can gozar xuntos dun mergullo nas zonas pet friendly habilitadas para eles. Razas como o Labrador, o Golden Retriever e o Can de auga, son grandes nadadores pero tamén pode selo calquera outra xa que depende moitas veces da personalidade do can.



O dog frisbees é outro deporte que lle encantará ao teu compañeiro peludo e que é ideal para gozar dos días de verán. Só necesitarás un frisbee (disco voador) de goma ou algún material que non dane a dentadura do teu can e premios para ensinarlle a collelo o mellor posible. Diversión asegurada!

Agility é unha actividade que se practica con obstáculos, que o can ten que superar coa axuda do seu dono/a. Ademais, ao tratarse dun deporte en equipo, axudarache a mellorar a compenetración coa túa mascota.

Non esquezas facer algunha foto para compartir connosco á volta.

Felices vacacións caninas!!!!



Agora algunhas curiosidades dos cans que quizais non sabías:

- Os cans non ven en branco e negro como nos fixeron crer, eles **ven a vida en cor**, do mesmo xeito que nós. Aínda que o seu campo de visión é máis reducido que o do ser humano son capaces de ver na escuridade.

- **O primeiro ser vivo que viaxou ao espazo era un can!** e o seu nome, Laika. Esta cadeliña soviética foi recollida da rúa e converteuse no primeiro "astronauta" en viaxar ao espazo na nave chamada Sputnik.


- A diferenza do ser humano o can **súa a través das almofadas**, se non fora así sería imposible que regulase a temperatura, pois ao ter pelo, estaría exposto a un frío moito superior no inverno. Así mesmo, tamén expulsa a calor pola boca (mediante o bafexo) eliminando o aire quente e adquirindo aire frío.

- Sabías que o fociño dun can é único? O certo é que **non existen dous fociños iguais**, do mesmo xeito que ocorre coas impresións dixitais dos humanos, os cans tamén teñen a súa propia marca.

- Os coñecidos carteis de "**coidado co can**" apareceron por primeira vez na Antiga Roma. Foron os cidadáns os que situaban preto da porta de entrada estas advertencias coma se dunha alfombra se tratase. Tamén podían colocalo en parcelas próximas á porta.



PASATEMPOS



TRABALINGUAS

Debaixo dunha pipa tinta hai unha pita pinta;
cando a pipa tinta pinga, a pita pinta pía.

ADIVIÑAS?

En dúas castañas vou encerrado
e ao sacarme do mar póñome colorado.

RESPOSTA: o mexillon.

De cela en cela vou
pero presa non estou.

RESPOSTA: a abella



Onde está o coche?



CHISTES

E por suposto.. non podían faltar os chistes que nos deixastes na biblioteca

Dous nenos pequenos están xuntos facendo castelos na area e un preguntalle ao outro:

- A ti escápaseche a caca?

E o outro contesta:

- Non. A miña queda onde a fago.

(Brais Fernández)

Dos gusanos conversan animadamente hasta que uno de ellos se despide:

- ¿Dónde vas?

- Voy a dar una vuelta a la manzana.

(Inés Pérez)

En el campamento de verano, una niña está enferma y el monitor le dice:

- Ves qué bien, Sofía, hoy toses mejor que ayer.

Y Sofía responde con mala cara:

- Claro, he estado toda la noche ensayando.

(Xoel Santos)

CAL É O COLMO...

...dunha pulga?
levar unha vida de sobresaltos.

...dun construtor?
chamarse Armando Casas

...dun campión de natación?
Afogarse nun vaso de auga



CONCURSO "SÁCANOS UN SORRISO EN 140 CARACTERES"

O gañador da categoría infantil e xuvenil foi Henrique Saínza
con esta motivadora mensaxe:

"¿y si nos olvidamos del odio y de las cosas malas y pensamos
en cosas buenas?

Por ejemplo el chocolate"

Parabéns Henrique!!! E moitas grazas a todos os demais por participar



GALERÍA DE FOTOS

LECTURAS REFRESCANTES 2017

Chegou o verán! e como todos os anos propoñémosvos unhas lecturas do mais refrescantes para ler nos vosos lugares favoritos.



Deseño:MaizCreativos

De 7 a 9 anos

- Salgadiña, a estrela de Fisterra de Anxo Moure. N MOU sal / r
- Piratas del mar helado de Frida Nilsson. N NIL pir / r
- El caso del loro secuestrado de Luna LLena. N LLE cas / r
- Secret Kingdom. La montaña mágica de Rosie Banks. N SEC / r
- El taller de emociones de Elsa Punset. N PUN / r
- La Princesa de negro de Shannon Hale & Dean Hale. N HAL pri / r
- Mi primer Principito / la gran obra de Antoine de Saint-Exupéry; adaptada por Gabriela Keselman. N SAI pri / r
- Los viajes de Ulises / texto Ricardo Gómez. 29 MIT / r
- A música das árbores / Anxo Moure, Servando Barreiro. P MOU mús / r
- 23 ideas para ser un eco-héroe de Isabel Thomas. 507 THO vei / r

De 9 a 12 anos

- A cazadora de estrelas de María Canosa. N CAN caz / v
- Escarlatina, a cociñeira defunta de Leticia Costas. N COS esc / v
- Croqueta y Empanadilla de Ana Oncina. C ONC cro / v
- A Escola dos piratas de Agustín Fernández Paz. N FER esc / v
- Isadora Moon va al colegio de Harriet Muncaster. N MUN isa / v
- Perrock Holmes: pistas a cuatro patas de Isaac Palmiola. N PAL per / v
- Matilda de Roald Dahl. N DAH mat / v
- Ulises e as cronoamigas: surfistas en California de Erica Esmoris. N ESM uli / v

De 12 a 15 anos

- Los buscadores de libros de Jennifer Chambliss Bertman. N BER bus / a
- Solos de Gazzotti. C GAZ sol / a
- A Inmortal de Ricard Ruiz Garzón. N RUI inm / a
- La venganza del profesor de matemáticas de Jordi Sierra I Fabra. N SIE ven / a
- Las aventuras de Alfred & Agata de Ana Campoy. N AVE / a
- Misterios a domicilio de Begoña Oro. N MIS / a
- Sophie en los cielos de París de Katherine Rundell. N RUN sop / a
- Empieza la ESO: ¡sálvese quien pueda! de María Menéndez-Ponte. N MEN emp / a
- Xa non estou aquí de Iria Misa. N 869.9 MIS xan / a

De 15 a 18 anos

- Cuando me veas de Laura Gallego. N GAL cua / m
- El palacio de Petko de Lorenzo Silva / Noemí Trujillo. N SIL pal / m
- El héroe perdido de Rick Riordan. N HER / m
- Algo tan sencillo como estar contigo (Blue Jeans III). N BLU alg / m
- Las marcas de la muerte de Verónica Roth. N ROT mar / m
- Mi hermano persigue dinosaurios: la historia de Gio, un niño con un cromosoma de más de Giacomo Mazzariol. N MAZ mih / m
- El pájaro de medianoche de Alice Hoffman. N HOF páj / m
- Las lágrimas de Shiva de César Mallorquí. N MAL lág / m

QUE HAI DE NOVO...?

* **ACTIVIDADES.** "Obradoiros de pintura" dunha semana de duración, **durante todo o mes de xullo.** Infórmate na biblioteca ou chamando ao **981 080 171**

* **CONCURSO DE VERÁN. #BdcoMeuLibroeoMeuParasol.** BUSCANDO ESCENARIOS DE LECTURA. Déixanos unha foto co teu lugar favorito da provincia para gozar dunha boa lectura.

* **HORARIO.** No verán estamos pola mañá de **10:30 a 14:00 h.** e pola tarde de **17:30 a 20:30 h.** e os **sábados pechado.**


* **BONOLIBRO.** Parabéns a todos os que o conseguistes, agora podedes gozar de todas as súas vantaxes: ter un préstamo adicional de materiais da biblioteca e preferencia á hora de anotarse nas actividades.

* Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

WEB: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Blog: <http://bibliotecadacoruna.blogspot.com>

Fotos: www.flickr.com/photos/bibliotecadacoruna



Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña

Sección Infantil e Xuvenil

R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña. Tfno: 981 080 171

Depósito Legal: C 4802-2008